

# Antía Cal

pioneira das novas pedagogías

MURAS  
MARZO | 31 | 2023



O Concello de Muras ten interese en facer unha forte aposta pola reivindicación de **Antía Cal**. Coa proximidade do primeiro cabodano do seu pasamento, Muras quere ofrecer unha homenaxe a tan estimada veciña.

O evento constará de varios actos:

- **O nomeamento da Biblioteca "A palabra xusta"**. Era un xogo que Antía gustaba de facer cos seus alumnos ao finalizar o día. Cada neno tiña que escribir nun papel e cunha soa palabra o que aprendera nesa xornada. As respostas amosábanse na parede e, entre todos, escollían a mellor.
- **O descubrimento dunha placa na súa casa familiar como agradecemento do pobo e o do Concello de Muras.**
- **A recuperación da placa da "Casa do Médico"**, que fora cedida pola asociación de emigrantes de Muras na Habana e retirada durante a reforma á que foi sometido o edificio.
- **A celebración do Primeiro Encontro de Muras sobre Antía Cal:**  
Será o acto principal da xornada onde se salientará a importancia desta gran pedagoga, defensora da lingua e do patrimonio.

Contamos coa colaboración de institucións, especialistas no seu legado, e representantes da súa contorna que profundarán no seu innovador xeito de exercer a pedagogía:

- 10:00 h. Concello de Muras – Alcalde - presidente da corporación: **Don Manuel Requeijo Arnejo**.
- 10:20 h. Universidade Santiago de Compostela – **Dona Aurora Marco**.
- 11:00 h. Produtora e Executiva do documental A Palabra Xusta – **Dona Carme Varela**.
- 11:20 h. **Dona Elena López Seco**, en representación da Familia do Burgo.
- 11:50 h. Actuación musical a cargo de **Black**.
- 12:15 h. Ex-alumno de Antía Cal no colexio Rosalía de Castro: **Don José Pintado**.
- 12:45 h. Investigador e voz do documental "Rescatada" sobre Antón Beiras: **Don Xurxo Martínez González**.
- 13:20 h. Descubrimento das placas da Casa do Médico e da biblioteca "A palabra xusta" ubicada no Concello.
- 13:40 h. Descubrimento da placa conmemorativa na casa familiar e visita guiada aos escenarios da película "A palabra xusta".

Uns petiscos poñerán o ramo ao acto.

O encontro será na Casa do Médico de Muras o venres 31 de marzo de 2023 desde as 10.00 h. e finalizará na casa familiar de Antía Cal en As Águias (Muras) sobre as 14:15 h.

+info: [muras.gal](http://muras.gal)  

MURAS  
CONCELLO 

 DEPUTACIÓN  
DE LUGO